



Universidade de Vigo Campus de Ourense

Diplomatura en TRABALLO SOCIAL

CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

DIPLOMATURA EN TRABALLO SOCIAL

O traballo social é a disciplina da acción social que intervéñ co ser humano e o seu contorno a fin de alcanzar niveis aceptables de autonomía social e calidade de vida.

Os contidos que precisa adquirir o futuro traballador social están relacionados con:

O ser humano e a súa realidade circundante
Capacidade para o exercicio profesional
Habilidades, instrumentos, metodoloxías e técnicas para a práctica
Coñecemento empírico dos campos de exercicio profesional

Son funcións do traballo social a promoción, prevención, asistencia, rehabilitación, reinserción, planificación, xestión, dirección, docencia e investigación.

Pode intervir, simultánea ou independentemente, nos seguintes niveis: con individuos, con familias, con grupos, en centros residenciais e na comunidade.

ESTRUTURA

Estes estudos son unha diplomatura, e como tal teñen só 1º ciclo, de tres anos de duración, e unha carga lectiva total de 204 créditos. Non se esixe realizar un proxecto de fin de carreira.

MERCADO DE TRABALLO

Os traballadores sociais poden exercer a súa profesión:

Nos diferentes campos de actuación ou subsistemas das áreas de benestar social: saúde, educación, xustiza, servizos sociais, vivenda-urbanismo, emprego mundo laboral etc.

Nos diferentes sectores de intervención: familia, infancia, adolescencia, terceira idade, muller, xuventude, emigración, inmigración, discapacitados, marxinación social etc.

Nas diferentes institucións que prestan servizos de acción social: nas administracións públicas: estatal, autonómica ou local, nas empresas privadas e ONG, na docencia universitaria e nos ciclos formativos de secundaria (FP).

TIPO DE ESTUDANTE

É un axente de cambio, polo que require dotes de animación e dinamización á participación.

Sensibilidade e madurez ante as problemáticas sociais.

Actitudes e aptitudes cara á comunicación.

ACCESO

A estes estudos pódese acceder desde:

Bacharelato LOXSE:

Científico-Técnica (Matemáticas e Física)
Ciencias da Saúde (Bioloxía e Química)
Humanidades (Latín e Historia da Filosofía)
Ciencias Sociais (Matemáticas aplicadas ás CCSS e Xeografía)
Artes (Debuxo artístico e Historia da arte)

COU:

Científico-Tecnolóxica
Biosanitaria
Ciencias Sociais
Humanidades

FP2 das ramas:

Administrativa e Comercial
Excepto: Azafatas de Congresos e Exposicións
Servizos de a Bordo de Aviación
Servizos de Terra de Aviación
Servizos á Comunidade: todas as especialidades
Rama sanitaria:
Excepto: Educador de Diminuídos Psíquicos

Acceso a ciclos formativos de grao superior de FP das familias:

Actividades Físicas e Deportivas
Administración
C. e Mercadotecnia
Informática
Sanitaria
Servizos Socioculturais e á Comunidade

ESTRUTURA

Desde esta titulación pódese acceder directamente a:
Licenciatura en Antropoloxía Social e Cultural

Así mesmo, poderíase acceder mediante complementos de formación a:
2º ciclo de Socioloxía, Humanidades e Licenciatura en Ciencias do Traballo

Tamén daría acceso a titulacións de 2º ciclo que tiveran como requisito a superación dunha diplomatura previa.

PRIMEIRO CURSO

Disciplinas	Tipo	Créditos
Introdución ao traballo social	T	4.5
Servizos sociais I	T	4.5
Psicoloxía básica	T	4.5
Introdución ao dereito	T	4.5
Introdución á socioloxía	T	4.5
Psicoloxía evolutiva	T	4.5
Introdución ao traballo social	T	4.5
Servizos sociais I	T	4.5
Dereito da familia	T	4.5
Socioloxía aplicada ao desenvolvemento e benestar social	T	4.5
Análise de datos	O	6
Psicopatoloxía para traballo social	O	6

SEGUNDO CURSO

Disciplinas	Tipo	Créditos
Intervención profesional en traballo social I	T	4.5
Servizos sociais II	T	4.5
Métodos e técnicas de investigación social	T	4.5
Modelos de intervención en traballo social	T	4.5
Política social	T	6
Optativa 1	OP	6
Intervención profesional en traballo social I	T	4.5
Servizos sociais II	T	4.5
Saúde pública e traballo social	T	4.5
Modelos de intervención en traballo social	T	4.5
Antropoloxía social	T	6
Optativa 2	OP	6

TERCEIRO CURSO

Disciplinas	Tipo	Créditos
Psicoloxía social	T	4.5
Dereito da Seguridade Social	T	4.5
Socioloxía da comunidade. Desenvolvemento comunitario	O	6
Optativa 3	OP	6
Optativa 4	OP	6
Optativa 5	OP	6
Dereito da Seguridade Social	T	4.5
Intervención profesional no traballo social II	T	21
Políticas públicas en España	O	4.5

T Troncal **OX** Optativa xeral
O Obrigatoria **LE** Libre elección
OP Optativa obrigatoria

TIPO DE MATERIAS OPTATIVAS E DE LIBRE ELECCIÓN

Os créditos que o alumno ten que facer de materias optativas escolleraos dentro das materias que se ofrezan para a súa propia especialidade. Os créditos que o alumno ten que facer de materias de libre elección escolleraos das materias optativas que se ofrecen para as demais especialidades, ademais da oferta de materias de libre elección de campus e de titulación que se ofrecen para cada curso académico.

LIBRE ELECCIÓN E VALIDACIÓNS POR CURSOS

Ademais das materias superadas noutras titulacións e das materias que a Universidade ofrezan como de libre elección, serán validables como créditos de libre elección os cursos complementarios, seminarios e similares que sexan recoñecidos previamente pola Comisión de Organización Académica e Validacións da Universidade de Vigo. Non son validables os cursos que non cumpran este requisito.

Ficha

Titulación	Diplomatura en traballo social
Centro	Facultade de ciencias da educación de Ourense
Ensinanzas	Primeiro ciclo
Nº de anos académicos	3
Curso de implantación	00/01
Data do B.O.E.	22/08/00

Créditos totais

Troncais	Obrigatorios	Optativos	Libre config.	Trab. fin. carr.	Totais
130.5	22.5	30	21	Non	204

Información

Facultade de ciencias da educación de Ourense
Campus universitario as Lagoas s/n
32004 Ourense
Tfno. 988 387 100
Fax. 988 387 159
Correo electrónico: sdexbo@uvigo.es

Servizo de Extensión Universitaria. Sección de información (SIOPE)

Edificio Miralles - Praza de Enric Miralles
Campus de Vigo
36310 Vigo (Pontevedra)
Tfno. 986 813 630/ 755 Fax. 986 813 639
Correo electrónico: siope@uvigo.es
www.uvigo.es